

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000055.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ORDINARIA da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 7 de xaneiro de 2026, ás 10.00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

FOMENTO

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2026.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación do asunto incluído na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.